

DECRETO DE PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO, ALCALDE

DECRETO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATO DE CONCESION ADMINISTRATIVA DEMANIAL PARA A EXPLOTACION DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO MULTIUSOS DE CARREIRA

Expediente: 2024/PATR000014

Visto o expediente tramitado para proceder á concesión administrativa de dominio público para a explotación do bar-cafetería do Centro Multiusos de Carreira.

Constan no expediente os seguintes documentos:

1. Certificado do acordo do pleno (sesión ordinaria de data 28/10/2024), de incorporación ao Inventario de Bens Municipal do Concello de Ribeira do "Centro Social Multiusos de Carreira-(obras de instalación, remate e urbanización exterior do Centro multiusos de Carreira-reformulado)" emitido polo Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, en data 29/10/2024.
2. Providencia de alcaldía de inicio do expediente de concesión demanial, de data 11/02/2025.
3. Informe técnico de valoración, redactado pola axente local de innovación Flora Brión García, en data 28/02/2025.
4. Anexo ao informe técnico de certificación catastral do ben.
5. Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada polo técnico de cultura, Unai González Suárez, e providencia de alcaldía, con data do 21/03/2025.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto mediante concurso, asinado pola Técnico de Administración Xeral, Mª Teresa Cid Poza, en data 24/03/2025.
7. Informe-proposta favorable emitido pola T.A.X. Mª Teresa Cid Poza, coa conformidade do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, e o Interventor do concello, Pablo Bao Castro en data 24/03/2025.

Visto que a aprobación corresponde á Alcaldía conforme ao establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014;

Esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por decreto de alcaldía nº 202307/182, de data 14/07/2023, para ditar o presente decreto.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto (informe de valoración), suscrito pola axente local de innovación Flora Brión García, en data 28/02/2025, para a adxudicación da concesión do uso privativo de local para bar-cafetería do Centro multiusos de Carreira.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E9001739CE00M4B4L8E8H3Y1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2025 13:47:36

EXPEDIENTE ::
2024PATR000014
Fecha: 18/11/2024
Hora: 12:16
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E9001739CE00M4B4L8E8H3Y1



TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da concesión administrativa de dominio público para a explotación do bar-cafetería do Centro multiusos de Carreira, por procedemento aberto mediante concurso, asinado pola Técnico de Administración Xeral, M^a Teresa Cid Poza, en data 24/03/2025.

CUARTO.- Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación 2024/PATRO00014 para a adxudicación da concesión demanial para a explotación bar-cafetería do Centro multiusos de Carreira, por un período de dez anos, no que se considera amortizada o investimento realizado, e un canon mínimo a satisfacer polo adxudicatario de 3.600,00 € euros anuais , IVE incluído (período de carencia: os dous primeiros anos), mediante procedemento aberto, isto a teor do establecido nos artigos 84-93 da Lei 33/2003 do 4 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas ; arts. 31-40 da Lei 5/2011 do 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e arts. 74-91 do Regulamento de Bens das Entidades locais, aprobado por R.D. 1372/1986 do 13 de xuño.

QUINTO.- A Mesa de Contratación deste expediente, estará integrada polos membros que compoñen a **mesa permanente do Concello de Ribeira**, de conformidade co acordo adoptado pola Corporación Municipal (BOP Coruña nº 142, con data do 27/07/2023).

SEXTO.- De conformidade co establecido no artigo 326.5 in fine o órgano de contratación autoriza expresamente á Mesa de Contratación como órgano de asistencia técnica, á solicitude dos informes técnicos que considere precisos.

SÉTIMO.- Convocar o procedemento de licitación por un prazo de 30 días naturais, e, para ese efecto, publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín oficial da provincia da Coruña e no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que refírese o artigo 63.3 da citada lei contractual.

OITAVO.- Designar como responsable do contrato ao técnico de cultura, Unai González Suárez.

NOVENO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira Sesión Común que este celebre, de acordo que o disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ribeira, na data que consta na sinatura dixital



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E9001739CE00M4B4L8E8H3Y1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/03/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/03/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/03/2025 13:47:36

EXPEDIENTE ::
2024PATRO00014

Fecha: 18/11/2024

Hora: 12:16

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E9001739CE00M4B4L8E8H3Y1

